



Estefanía Manteiga Lamas, secretaria do Concello de Fene (A Coruña)

Número de decreto: 1049/2024

CERTIFICO: Que o Sr. alcalde-presidente do Concello de Fene, en data 07-08-2024 ditou a seguinte resolución, que copiada di:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE EQUIPAMENTO DE VEHÍCULO PARA O SERVIZO DE RECOLLIDA DE VOLUMINOSOS DO CONCELLO DE FENE-FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL 2024

O Concello de Fene recibiu unha subvención ao abeiro da ORDE do 28 de decembro de 2023 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2024, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (DOG núm. 19, do 27 de xaneiro) coa finalidade de dotar ao Departamento de Vías e Obras do Concello de Fene, que conta cunha unidade de recollida de lixo, dunha equipación que permita que o camión basculante co que conta o Concello poida levar a cabo a recollida de voluminosos.

Conforme ao artigo 116.4 LCSP xustifícanse os seguintes extremos desta contratación:

a) A elección do procedemento de licitación: tramitárase mediante procedemento simplificado mediante a aplicación de varios criterios de adjudicación ao tratarse dun contrato de subministro de valor estimado inferior ao importe previsto no artigo 159.1 a) LCSP e non conta con criterios de adjudicación avaliados mediante un xuízo de valor superiores ao 25% do total da puntuación (art. 159.1 b LCSP)

b) A clasificación e solvencia técnica ou profesional, e económica e financeira: a clasificación non se esixe de acordo co artigo 77.1.c) da LCSP. Non obstante, si se deberá acreditar a solvencia conforme ao disposto nos artigos 86 e ss e 159 LCSP.

c) Criterios que se terán en consideración para adjudicar o contrato, así como as condicións especiais de execución do mesmo: os criterios de adjudicación son oferta económica; incremento prazo de garantía; redución de prazos de entrega. Con estes criterios búscase unha mellor relación calidade-prezo. Os criterios buscan mellorar a economía do subministro garantindo a súa calidade cun prolongamento do prazo de garantía que permitirá emendar posibles deficiencias. A redución dos prazos de entrega faise preciso para dotar ao concello do vehículo o antes posible de tal xeito que se cumpran cos prazos de xustificación da financiación autonómica e se poida empregar o antes posible o novo equipamento e reducir custes de contratación externa.

d) O valor estimado do contrato cunha indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo sempre os custos laborais se existisen:

-Aumento das funcións do distribuidor e funcións en punta: 17.345 sen IVE

-Equipo radio actuadores: 5400 sen IVE

-Grapa e Rotador: 4900 sen IVE

-Sobrealdeiras: 3900 sen IVE

e) A necesidade da Administración á que se pretende dar satisfacción mediante a contratación das prestacións correspondentes; e a súa relación co obxecto do contrato, que deberá ser directa, clara e proporcional: dotar dun vehículo ao Departamento de Vías e Obras para prestar un servizo mínimo obrigatorio conforme ao artigo 26 LBRL.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



f) A decisión de non dividir en lotes o obxecto do contrato, no seu caso: trátase dunha equipación a un único vehículo dirixida á obtención dunha mesma finalidade polo que non cabe a división en lotes.

A tramitación do expediente de contratación finalizou unha vez incorporados os pregos de cláusulas administrativas, informe favorable de secretaría 107/2024 e informe de fiscalización favorable da intervención acumulada.

Tendo en conta o anterior e de conformidade co establecido na D.A. 2ª da LCSP, RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e prescricións técnicas tal e como figuran no expediente e demais contido do expediente de contratación do subministro de EQUIPAMENTO DE VEHÍCULO PARA O SERVIZO DE RECOLLIDA DE VOLUMINOSOS DO CONCELLO DE FENE.

Segundo.- Autorizar pola contía de 38.169,45 € o gasto que representa a contratación referida, con cargo á aplicación orzamentaria 1621.624.00 do orzamento vixente.

A presente licitación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente sen que, en ningún caso, poida realizarse a adxudicación do contrato sen a existencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento municipal.

Terceiro.- Acordar a apertura do procedemento aberto simplificado con varios criterios de adxudicación para que no prazo de quince días naturais dende o seguinte ao da publicación do anuncio no perfil do contratante calquera empresario poida presentar as súas ofertas.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. alcalde Juventino José Trigo Rey, do que eu, Estefanía Manteiga Lamas, como secretaria, dou fe.”

E para que conste e surta os efectos oportunos, expido esta certificación de orde e co visto e prace do Sr. alcalde-presidente, en Fene a mércores 7 de agosto de 2024.

Estefanía Manteiga Lamas, secretaria del Ayuntamiento de Fene (A Coruña)

Número de decreto: 1049/2024

CERTIFICO: Que el Sr. alcalde-presidente del Ayuntamiento de Fene, en fecha 07-08-2024 dictó la siguiente resolución, que copiada dice:

“RESOLUCIÓN DE La ALCALDÍA

Asunto: APROBACIÓN DEL EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DEL SUMINISTRO DE EQUIPAMIENTO DE VEHÍCULO PARA EL SERVICIO DE RECOGIDA DE VOLUMINOSOS DEL AYUNTAMIENTO DE FENE-FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL 2024 DE FENE

El Ayuntamiento de Fene recibió una subvención al amparo del ORDEN de 28 de diciembre de 2023 por la que se regulan los criterios de reparto y se establecen las bases reguladoras y la convocatoria de subvenciones de la línea en concurrencia no competitiva y de la línea en concurrencia competitiva del Fondo de Compensación Ambiental para el año 2024, de forma individual y mediante el sistema de gestión compartida, destinadas a entidades locales de Galicia (DOG núm. 19, de 27 de enero) con la finalidad de dotar al Departamento de Vías y Obras del Ayuntamiento de Fene, que cuenta con una unidad de recogida de basura, de una equipación que permita que el camión basculante con el que cuenta el Ayuntamiento pueda llevar a cabo la recogida de voluminosos.

Conforme al artículo 116.4 LCSP se justifican los siguientes extremos de esta contratación:

a) La elección del procedimiento de licitación: se tramitará mediante procedimiento simplificado mediante la aplicación de varios criterios de adjudicación al tratarse de un contrato de suministro de valor estimado inferior al imponible previsto en el artículo 159.1 a) LCSP y no cuenta con criterios de

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



adjudicación evaluables mediante un juicio de valor superiores al 25% del total de la puntuación (art. 159.1 b LCSP)

b) La clasificación y solvencia técnica o profesional, y económica y financiera: la clasificación no se exige de acuerdo con el artículo 77.1.c) de la LCSP. No obstante, sí se deberá acreditar la solvencia conforme al dispuesto en los artículos 86 y ss y 159 LCSP.

c) Criterios que se tendrán en consideración para adjudicar el contrato, así como las condiciones especiales de ejecución del mismo: los criterios de adjudicación son oferta económica; incremento plazo de garantía; reducción de plazos de entrega. Con estos criterios se busca una mejor relación calidad-precio. Los criterios buscan mejorar la economía del suministro garantizando su calidad con un prolongamiento del plazo de garantía que permitirá emendar posibles deficiencias. La reducción de los plazos de entrega se hace preciso para dotar al ayuntamiento del vehículo el antes posible de tal manera que se cumplan con los plazos de justificación de la financiación autonómica y se pueda emplear el antes posible el nuevo equipamiento y reducir costes de contratación externa.

d) El valor estimado del contrato con una indicación de todos los conceptos que lo integran, incluyendo siempre los costes laborales se existieran:

-Aumento de las funciones del distribuidor y funciones en punta: 17.345 sin IVA

-Equipo radio actuadores: 5400 sin IVA

-Grapa y Rotador: 4900 sin IVA

-Sobrealdeiras: 3900 sin IVA

e) La necesidad de la Administración a la que se pretende dar satisfacción mediante la contratación de las prestaciones correspondientes; y su relación con el objeto del contrato, que deberá ser directa, clara y proporcional: dotar de un vehículo al Departamento de Vías y Obras para prestar un servicio mínimo obligatorio conforme al artículo 26 LBRL.

f) La decisión de no dividir en lotes el objeto del contrato, en su caso: se trata de una equipación a un único vehículo dirigida a la obtención de una misma finalidad por lo que no cabe la división en lotes.

La tramitación del expediente de contratación finalizó una vez incorporados los pliegos de cláusulas administrativas, informe favorable de secretaría 107/2024 e informe de fiscalización favorable de la intervención acumulada.

Teniendo en cuenta el anterior y de conformidad con lo establecido en la D.A. 2ª de la LCSP, RESUELVO:

Primero.- Aprobar el expediente de contratación, los pliegos de cláusulas administrativas y prescripciones técnicas tal y como figuran en el expediente y demás contenido del expediente de contratación del suministro de EQUIPAMIENTO DE VEHÍCULO PARA EL SERVICIO DE RECOGIDA DE VOLUMINOSOS DEL AYUNTAMIENTO DE FENE.

Segundo.- Autorizar por la cuantía de 38.169,45 € el gasto que representa la contratación referida, con cargo a la aplicación presupuestaria 1621.624.00 del presupuesto vigente.

A presente licitación quieta condicionada a la existencia de crédito adecuado y suficiente sin que, en ningún caso, pueda realizarse la adjudicación del contrato sin la existencia de crédito adecuado y suficiente en el presupuesto municipal.

Tercero.- Acordar la apertura del procedimiento abierto simplificado con varios criterios de adjudicación para que en el plazo de quince días naturales desde el siguiente al de la publicación del anuncio en el perfil del contratante cualquier empresario pueda presentar sus ofertas.

En Fene, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. alcalde Juventino José Trigo Rey, do que eu, Estefanía Manteiga Lamas, como secretaria, dou fe."

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



Y para que conste y surta los efectos oportunos, expido esta certificación de orden y con el visto bueno del Sr. alcalde-presidente, en Fene a miércoles 7 de agosto de 2024.

C.I.
E:
P:
150
360
0-G

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.fene.es>. (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).